



**CONSELLO DA  
CULTURA GALEGA**  
OBSERVATORIO DA  
CULTURA GALEGA

**Web**  
[consellodacultura.org](http://consellodacultura.org)

**Twitter:**  
[@consellocultura](https://twitter.com/consellocultura)

**Facebook:**  
[facebook.com/consellocultura](https://facebook.com/consellocultura)

**Correo:**  
[medios@consellodacultura.org](mailto:medios@consellodacultura.org)

**Telf:**  
+34 981 95 72 02

15/10/2013

## O patrimonio cultural en Galicia

Este informe aborda os datos relativos aos bens mobles e inmobles inscritos como bens de interese cultural. Os referentes estatísticos que utiliza o Observatorio da Cultura Galega para elaborar este traballo son: a UNESCO (Instituto de Estatística da Unesco), Eurostat (Oficina de Estatística da Unión Europea) e a Secretaría de Estado de Cultura, do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.

Segundo a UNESCO, o dominio ‘patrimonio cultural’ abrangue os seguintes elementos: museos, sitios arqueolóxicos e históricos, pero tamén “paisaxes culturais e o patrimonio natural”, elemento que non se abordará neste traballo.

Os sitios do patrimonio material acostuman a ser as localidades onde se realizan as celebracións do patrimonio inmaterial. Nos países desenvolto é habitual rexistrar a asistencia como un ‘activo’. O patrimonio cultural, ademais de representar un activo económico, é un ben social posto que nel están presentes os valores estéticos, históricos, sociais, espirituais e educativos (monumentos, museos).

A meirande parte das actividades asociadas ao dominio ‘patrimonio’ relaciónanse coa preservación e conservación. Dende a perspectiva económica, o patrimonio representa un activo que varía (apreciación ou depreciación dependendo de como se manteña).

### **Bens mobles e inmobles**

Os datos do ámbito de bens mobles e inmobles son facilitados pola subdirección xeral de Protección do Patrimonio Histórico, de acordo co establecido na Lei 16/1985 de Patrimonio Histórico e no Real Decreto 111/1986 de desenvolvemento parcial da lei. Dita lei define o concepto de patrimonio histórico español, e sinala que: “...integran os inmobles e obxectos mobles de interese artístico, histórico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnográfico, científico ou técnico. Tamén forman parte do patrimonio documental e bibliográfico, os xacementos e zonas arqueolóxicas, así como os sitios naturais, xardíns e parques que teñan valor artístico, histórico ou antropológico”. A lei tamén recolle a obriga de que estes bens sexan inventariados.

Os elementos integrantes do patrimonio histórico español, segundo a súa categoría xurídica e atendendo á súa protección, son de dous tipos:

- Bens de Interese Cultural (BIC), que poden ser mobles e inmobles.
- Bens que pola súa especial relevancia deben ser inventariados a pesar de non gozar da consideración BIC.



Nesta lei inclúense os seguintes inmobles: arquivos, bibliotecas e museos de titularidade estatal, así como os bens mobles custodiados neles. Así mesmo asígnase o código BIC a aqueles bens inmobles de todo o territorio español que non son de titularidade estatal e que estean incluídos en calquera outra categoría establecida pola lexislación autonómica, como por exemplo: monumentos, xardíns históricos, conxuntos históricos, sitios históricos e zonas arqueolóxicas.

Os bens inmobles integrados no Patrimonio Histórico Español poden ser declarados Bens de Interese Cultura nas categorías de:

- *Monumentos*: Inmobles que constitúen realizacións arquitectónicas ou de enxeñería, ou obras de escultura colosal sempre que teñan interese histórico, artístico, científico ou social.

- *Xardíns históricos*: é o espazo delimitado, produto da ordenación polo home de elementos naturais, a veces complementado con estruturas de fábrica, e estimado de interese en función da súa orixe ou pasado histórico ou dos seus valores estéticos, sensoriais ou botánicos.

- *Conxuntos históricos*: é a agrupación de bens inmobles que forman unha unidade de asentamento, continua ou dispersa, condicionada por unha estrutura física representativa da evolución dunha comunidade humana por ser testemuña da súa cultura ou constituír un valor de uso e para a colectividade. Así mesmo, é conxunto histórico calquera núcleo individualizado de inmobles comprendido na unidade superior de poboación que reúna esas mesmas características e poda ser claramente delimitado.

- *Sitio histórico*: é o lugar ou paraxe natural vinculado a acontecementos ou recordos do pasado, as tradicións populares, creacións culturais ou da natureza e as obras do home que posúan valor histórico, etnolóxico, paleontolóxico ou antropolóxico.

- *Zonas arqueolóxicas*: É o lugar ou paraxe natural onde existen bens mobles e inmobles susceptibles de ser estudados con metodoloxía arqueolóxica, foran ou non extraídos e tanto se se atopan na superficie, no subsolo ou baixo as augas territoriais españolas.

Así mesmo asígnase o código BIC a aqueles bens inmobles de todo o territorio español, que non sexan de titularidade estatal e que estean incluídos en calquera outra categoría establecida pola lexislación autonómica

*Incoado*: En procedemento de declaración.

No estudo dos bens inmobles inscritos na comunidade galega, obsérvase unha tendencia sostida á alza no último cuatrienio. Por tipo de ben, os sitios históricos son os que experimentan o maior incremento sobre o total.

Na seguinte táboa amósase o número de bens mobles inscritos en Galicia e no total de España. O baixo número de inscricións na comunidade galega choca coas realizadas, por exemplo, en Andalucía, con máis de 5.000 ou Navarra con máis de 2.000, ambas as dúas teñen o maior número de inscricións de España.

Como se pode observar na seguinte táboa, Galicia con 13 bens mobles declarados como Bens de Interese Cultural é a cuarta comunidade pola cola, se desbotamos as dúas cidade autónomas e A Ríoxa que non teñen ningún.

**Bens mobles declarados Bens de Interese Cultural. Serie temporal por comunidades autónomas**

	2007	2008	2009	2010	2011
Total España	4.661	5.740	7.039	8.353	10.580
Andalucía	1.146	1.459	1.802	2.394	4.117
Navarra (Comunidade Foral de)	1.474	2.114	2.110	2.289	2.287
Murcia (Rexión de)	408	381	880	1.282	1.752
Canarias	217	354	751	746	770
Madrid (Comunidade de)	491	476	481	487	487
Cataluña	388	407	413	419	422
Comunidade Valenciana	294	290	335	390	396
Castela-A Mancha	69	63	63	113	113
País Vasco	91	98	98	97	97
Baleares (Illas)	32	32	35	62	62
Estremadura	35	50	50	49	48
Galicia	6	6	9	13	13
Cantabria	6	6	6	6	6
Aragón	3	3	4	4	5
Asturias (Principado de)	0	0	0	0	3
Castela e León	1	1	2	2	2
Rioxa (A)	0	0	0	0	0
Ceuta	-	-	-	-	0
Melilla	-	-	-	-	0

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Subdirección General de Protección de Patrimonio Histórico

Con todo, a posición galega mellora no que se refire aos bens inmobles con 636 declarados, mais segue a moita distancia de comunidades como Baleares, Andalucía, Cataluña e Castela e León que superan os 2.000, como se pode ver na seguinte táboa.

**Bens inmobles declarados Bens de Interese Cultural. Serie temporal por comunidades autónomas**

	2007	2008	2009	2010	2011
Total España	13.515	13.797	13.919	14.088	14.399
Baleares (Illas)	2.861	2.865	2.869	2.873	2.880
Andalucía	2.502	2.566	2.602	2.623	2.725
Cataluña	2.014	2.015	2.018	2.046	2.050
Castela e León	1.115	1.130	1.130	1.153	1.199
Comunidade Valenciana	937	1.001	1.008	1.033	1.121
Castela-A Mancha	682	687	695	696	701
Galicia	591	591	594	599	636
Aragón	617	625	630	630	633
Murcia (Rexión de)	344	417	433	435	442
Canarias (Comunidade de)	275	321	339	357	363
Asturias (Principado de)	259	259	260	288	289
Madrid (Comunidade de)	276	276	276	277	278

DATOS &  
INFORMESCONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

País Vasco	274	274	274	276	276
Cantabria	247	248	247	252	253
Extremadura	173	173	176	178	179
Navarra (Comunidade Foral de)	141	142	159	161	163
Rioxa (A)	104	104	104	105	105
Ceuta	92	92	94	95	95
Melilla	11	11	11	11	11

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Subdirección General de Protección de Patrimonio Histórico

Ademais, como se ve a continuación, dende 2007 non se tramitou a declaración de ningún ben moble como de Ben de Interese Cultural en Galicia. Dos 1.554 bens tramitados en todo o territorio español, un 79,8% pertence á comunidade andaluza.

**Bens mobles incoados ou en procedemento de declaración como Bens de Interese Cultural. Serie temporal por comunidades autónomas**

	2007	2008	2009	2010	2011
Total España	570	514	732	757	1.554
Andalucía	236	257	386	440	1.240
Canarias (Comunidade de)	146	65	114	112	78
Madrid (Comunidade de)	55	53	54	53	52
Cataluña	20	19	21	21	46
Comunidade Valenciana	40	39	36	38	38
Navarra (Comunidade Foral de)	20	36	74	37	37
Murcia (Rexión de)	33	20	22	30	27
Castela-A Mancha	1	5	5	5	14
Extremadura	6	6	6	6	6
Castela e León	4	5	5	5	5
Asturias (Principado de)	2	4	4	3	4
Aragón	1	1	1	3	3
Baleares (Illas)	5	3	3	3	3
País Vasco	1	1	1	1	1
Cantabria	0	0	0	0	0
Galicia	0	0	0	0	0
Rioxa (A)	0	0	0	0	0
Ceuta	-	-	-	-	0
Melilla	-	-	-	-	0

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Subdirección General de Protección de Patrimonio Histórico

Con todo, en 2011 si que se tramitou a declaración de 81 bens inmoables como Bens de Interese Cultural, un 4% do total dos xestionados no total España. De novo, comunidades



como Andalucía e Canarias (máis dun 13% sobre o total) ou Cataluña e Madrid (máis do 10% estatal) lideran a incoación destes bens.

**Bens inmobles incoados ou en procedemento de declaración como Bens de Interese Cultural. Serie temporal por comunidades autónomas.**

	2007	2008	2009	2010	2011
Total España	2.083	2.052	1.985	1.973	2.010
Andalucía	313	314	298	280	272
Canarias (Comunidade de)	322	281	267	265	266
Cataluña	185	188	192	196	213
Madrid (Comunidade de)	198	198	199	200	202
Castela e León	169	170	175	172	167
Baleares (Illas)	142	150	149	163	163
Aragón	160	156	152	152	153
Castela-A Mancha	79	80	76	77	86
Estremadura	80	81	79	82	86
Galicia	74	76	75	75	81
Murcia (Rexión de)	97	92	77	75	72
Asturias (Principado de)	63	70	73	63	66
Comunidade Valenciana	62	54	51	52	61
Rioxa (A)	54	54	54	54	54
Cantabria	50	49	30	29	29
Navarra (Comunidade Foral de)	25	27	28	28	28
País Vasco	10	10	10	10	11
Ceuta	0	2	0	0	0
Melilla	0	0	0	0	0

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Subdirección General de Protección de Patrimonio Histórico

1) Para unha correcta interpretación das variacións observadas en distintas categorías debens inmobles en 2011 respecto de 2010, hai que ter en conta o proceso levado a cabo de depuración das bases de datos, e concretamente no campo categoría de Bens de Interese Cultural.

2) Para unha correcta interpretación da evolución interanual cómpre ter en conta que se realizou unha revisión da información de orixe que afectou especialmente a bens declarados e incoados de Andalucía.

A categoría 'monumentos' comprende inmobles como monumentos, museos, arquivos e bibliotecas de titularidade estatal, e aqueles inmobles considerados de interese cultural pola Lei 16/1985, como castelos, hórreos, cruces de termo. Así mesmo, comprende outras categorías de protección xurídica establecidos pola lexislación específica das comunidades autónomas.

**Bens inmobles inscritos como Bens de Interese Cultural por categoría. Comparativa España Galicia**

DATOS &  
INFORMESCONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

	2007		2008		2009		2010		2011	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
TOTAL	15.598	665	15.849	667	15.904	669	16.061	674	16.409	717
Monumento	13.480	592	13.684	594	13.716	595	13.705	591	12.985	617
Xardín histórico	90	6	92	6	92	6	92	6	89	6
Conxunto histórico	860	47	872	47	878	47	873	49	951	50
Sitio histórico	222	15	241	15	251	16	287	19	328	31
Zona arqueolóxica	946	5	960	5	967	5	1.104	9	2.056	13

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Subdirección General de Protección de Patrimonio Histórico

Polo descrito anteriormente, a categoría 'monumento' acapara a maior porcentaxe do total dos bens inmoables inscritos, tal e como podemos apreciar na seguinte táboa, na que se recollen os resultados máis actuais, correspondentes ao ano 2011, por non ter diferenzas salientables do peso desta categoría nos últimos oito anos.

**Porcentaxe que ocupan os monumentos nos bens inmoables inscritos como Bens de Interese Cultural. Comparativa autonómica. Ano 2011**

	Total España	16.409	12.985	79,1
País Vasco		287	268	93,4
Melilla		11	10	90,9
Cataluña		2.263	2.047	90,5
Murcia (Rexión de)		514	454	88,3
Asturias (Principado de)		355	306	86,2
Galicia		717	617	86,1
Castela-A Mancha		787	676	85,9
Andalucía		2.997	2.510	83,8
Aragón		786	629	80,0
Madrid (Comunidade de)		480	381	79,4
Navarra (Comunidade Foral de)		191	150	78,5
Comunidade Valenciana		1.182	909	76,9
Estremadura		265	195	73,6
Castela e León		1.366	985	72,1
Baleares (Illas)		3.043	2.146	70,5
Cantabria		282	197	69,9
Rioxa (A)		159	107	67,3
Canarias (Comunidade de)		629	358	56,9
Ceuta		95	40	42,1

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Subdirección General de Protección de Patrimonio Histórico





No tocante ao gasto público, o apartado de patrimonio histórico e artístico abrangue: monumentos históricos, museos, xacementos arqueolóxicos e outros elementos do patrimonio histórico e artístico.

Nos últimos anos, o gasto liquidado pola administración autónoma galega en patrimonio histórico artístico caeu en torno ao 10%, concretamente en investimentos reais e en transferencias de capital, capítulos que se resenten especialmente. O capítulo de gasto de persoal, que aumentou en 2009, volveu diminuír en 2010.

**Gasto liquidado pola administración autonómica en patrimonio histórico artístico, por natureza do gasto (Miles de euros)**

	2008		2009		2010	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Total	589.968	27.325	575.479	26.046	450.274	24.378
Gastos de persoal	98.363	7.989	100.721	11.129	91.804	10.833
Gastos correntes en bens e servizos	57.853	531	51.324	0	47.253	0
Gastos financeiros	1.186	0	342	0	186	0
Transferencias correntes	56.066	0	55.306	323	47.947	820
Investimentos reais	252.492	17.270	238.997	11.894	181.552	11.091
Transferencias de capital	115.382	1.537	101.152	2.699	74.162	1.635
Activos e pasivos financeiros	8.625	0	27.636	0	7.370	0

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Estadística de Financiación y Gasto Público en Cultura, Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas. Estadística de Liquidación de los Presupuestos de las Comunidades Autónomas.

Os concellos galegos aumentaron entre o ano 2007 e 2009 o gasto destinado á arqueoloxía e protección do patrimonio histórico artístico dos seus municipios a pesar das dificultades económicas que xorden a partir de 2008, cun aumento constante da porcentaxe sobre o reservado para o total de cultura ata 2010, no que a caída é importante, como se pode observar na seguinte táboa.

**Gasto liquidado en cultura pola administración local segundo destino do gasto****DATOS &  
INFORMES**

CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

	2007		2008		2009		2010	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Total cultura	3.623.324	157.345	3.886.044	202.761	3.873.868	226.849	3.481.695	187.506
Arqueoloxía e protección do patrimonio histórico- artístico	338.453	14.929	316.792	19.750	325.807	26.741	192.239	13.687
% destinada a arqueoloxía e protección do patrimonio	9,3	9,5	8,2	9,7	8,4	11,8	15,3	7,3

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas. Estadística de Liquidación de los Presupuestos de las Entidades Locales

Nota: Os datos correspondentes á Administración Local son provisionais para ao exercicio 2009. Os cambios metodolóxicos en 2010 fan que a serie semelle inconsistente

No que atinxe aos orzamentos da Xunta de Galicia, a partida orzamentaria correspondente a ‘Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural’ acapara un 42,9%. Como se aprecia na seguinte táboa, os orzamentos destinados a cultura comezaron a recortarse en 2009, pero a baixada máis acentuada prodúcese en 2011. En 2013 os orzamentos de cultura volven sufrir un recorte moi significativo do 24,2% con respecto ao ano 2012, o cal implica o aumento da porcentaxe na partida correspondente a ‘Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural’ en detrimento doutras partidas do capítulo de cultura.

**Evolución dos orzamentos da Xunta de Galicia para ‘Protección e promoción do Patrimonio histórico, artístico e cultural’**

	Total orzamentos	Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural	
		Total	Porcentaxe
2007	136.748.838	24.537.169	17,9
2008	142.685.986	26.280.202	18,4
2009	137.408.031	22.168.494	16,1
2010	119.954.672	22.838.161	19,0
2011	82.090.797	19.774.237	24,1
2012	80.974.907	18.727.388	23,1
2.013	61.341.069	16.210.132	26,4

Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Facenda

No referente aos hábitos e prácticas culturais, cando estudamos as visitas a bens de interese cultural específicos como monumentos ou xacementos arqueolóxicos, o aumento das visitas é moi significativo no último bienio de referencia, tal e como se pode ver nas seguintes táboas.



**Persoas segundo a visita a monumentos (porcentaxe sobre o colectivo)**

	2006-2007		2010-2011	
	España	Galicia	España	Galicia
Total visitaron no último ano	34,1	31,6	39,5	37,0
Nos últimos tres meses	18,3	14,8	22,1	19,7
Entre tres meses e un ano	15,8	16,8	17,4	17,3
Hai máis dun ano	31,3	30,7	34,3	29,8
Nunca ou case nunca	34,6	37,8	26,2	33,2

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2006-2007

**Persoas segundo a visita a xacementos arqueolóxicos (porcentaxe sobre o colectivo)**

	2006-2007		2010-2011	
	España	Galicia	España	Galicia
Total visitaron no último ano	13,0	10,7	13,9	14,5
Nos últimos tres meses	5,7	3,7	6,3	6,9
Entre tres meses e un ano	7,3	7,0	7,6	7,7
Hai máis dun ano	27,2	20,8	29,3	23,7
Nunca ou case nunca	59,8	68,5	56,8	61,7

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2006-2007

Por outra banda, en canto ás ensinanzas neste ámbito e de acordo coa estatística de ensinanzas do ámbito cultural da Secretaría de Estado de Cultura, as relacionadas coas profesións relativas ao patrimonio cultural son:

-Dentro das ensinanzas artísticas do réxime especial, os estudos superiores de conservación e restauración.

-Dentro das ensinanzas de réxime xeral: Bacharelato (modalidade de Artes).

-Ensinanza universitaria:

- Licenciaturas en Belas Artes, Historia da Arte, Antropoloxía Social e Cultural.
- Graos en Belas Artes.
- Doutoramento en Belas Artes, Historia da Arte e Antropoloxía Social e Cultural.



### Centros, profesorado e alumnado matriculado en estudos superiores de conservación e restauración

	2007-2008		2008-2009		2009-2010		2010-2011	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Centros	121	8	120	8	120	8	123	8
Profesorado	4.049	191	4.136	191	4.207	168	4.316	185
Alumnado matriculado	572	84	608	68	667	67	652	56

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Estadística de las Enseñanzas no universitarias.

Como se aprecia na táboa anterior, mentres o número de alumnos matriculados en estudos superiores de conservación e restauración baixa, e se mantén o número de centros, o número de profesores de estudos superiores de conservación e restauración aumenta no curso 2010-2011 en 17 mestres. No caso do Bacharelato de artes, crece considerablemente o número de alumnos, 136 máis que no curso anterior, e tamén aumenta en dous o número de centros.

### Centros e alumnado matriculado na modalidade de Artes do Bacharelato

	2007-2008		2008-2009		2009-2010		2010-2011	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Nº total de centros	443	43	340	27	388	30	374	32
Alumnado matriculado	21.979	1.221	23.543	1.010	26.432	1.186	29.150	1.322
% respecto ao total alumnado de Bacharelato	3,8	3,3	4,0	2,8	4,3	3,3	4,7	3,8

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Estadística de las Enseñanzas no universitarias.

Tanto os licenciados en Belas Artes, coma en Historia da Arte descenden no curso 2010-2011. Por outra parte, aumenta a realización de mestrados da rama de Artes e Humanidades, tal e como reflicte a seguinte táboa.



### Alumnado matriculado e graduado nas ensinanzas universitarias das Artes e Humanidades

	2007-2008		2008-2009		2009-2010		2010-2011	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
<b>Matriculado</b>	13.56							
Lic. Belas Artes	2	504	13.284	256	12.670	160	8.745	57
Lic. Historia da Arte	10.65	2	534	10.253	498	8.126	373	6.050
Lic. Antropoloxía Social e Cultural	10.06	2	534	10.253	498	8.126	373	6.050
Grao Belas Artes	6	-	10.247	-	8.817	-	6.221	-
Mestrados oficiais rama Artes e Humanidades	-.	-	484	-	6.579	-	-	-
	3.650	80	6.140	102	8.909	311	12.747	562
<b>Rematou estudos</b>								
Lic. Belas Artes	1.864	90	1.821	1	1.930	-	1.779	26
Lic. Historia da Arte	1.272	80	1.278	95	1.101	-	1.074	48
Lic. Antropoloxía Social e Cultural	872	-	928	-	1.030	-	1.031	-
Grao Belas Artes	-	-	-	-	-	-	146	-
Mestrados oficiais rama Artes e Humanidades	1.160	23	1.992	35	3.254	104	4.084	307
Teses doutoramento área Humanidades	205	8	238	13	267	15	287	4

Fontes: Instituto Nacional de Estadística. Estadística de la Enseñanza Universitaria.

Nota: Nas teses de doutoramento aprobadas na área de Humanidades inclúense as referidas aos estudos de Antropoloxía Social e Cultural, Belas Artes, Historia da Arte e Humanidades

As profesións principais asociadas aos bens patrimoniais son as de “restauradores de obras de arte” nas súas distintas facetas. Neste grupo profesional, os contratos asociados ao grupo primario 2931 da CNAE 2011 indica que se asinaron 99 contratos para 82 contratados anuais, o que indica certa estabilidade. A evolución é desigual cunha tendencia decrecente nos últimos 5 trimestres<sup>1</sup>. O perfil tipo da contratación confórmano homes de entre 26 e 35 anos que traballan en actividades de creación, artísticas e espectáculos na comarca de Vigo.

No tocante ao paro rexistrado, podemos ofrecer datos pormenorizados de cada ocupación.

Os restauradores de obras de arte en xeral constitúen 110 demandantes de emprego, maiormente mulleres cunha idade de 36 a 45 anos, titulados universitarios, radicados na comarca de Vigo. A tendencia é de decrecemento irregular.

<sup>1</sup> Referencia de 30 de setembro de 2013



Hai 34 arqueólogos en situación de demandantes de emprego, principalmente mulleres cunha idade de 26 a 35 anos, titulados universitarios, radicados na comarca de Vigo. A tendencia é de decrecemento irregular.

Os restauradores de escultura suman 64 demandas de emprego, maiormente mulleres cunha idade de 26 a 35 anos, titulados universitarios, radicados na comarca de A Coruña. A tendencia é de decrecemento irregular.

Os restauradores de pintura ascenden a 57 demandantes de emprego, maiormente mulleres cunha idade de 36 a 45 anos, titulados universitarios, radicados na comarca da Coruña. A tendencia é de decrecemento irregular.

A actividade empresarial deste ámbito é escasa e atópase inserida nun grupo de empresas que abarca actividades máis amplas dentro do sector cultural. Para ter unha idea da súa evolución podemos amosar os seguintes datos:

**Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal (grupos CNAE 2009) e estrato de asalariados ( 91 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais)**

	2008	2009	2010	2011	2012
De 0 a 2 asalariados	173	191	216	97	114
De 3 a 5 asalariados	128	140	163	70	85
De 6 a 9 asalariados	18	22	20	10	13
De 10 a 19 asalariados	4	13	14	4	3
De 20 a 49 asalariados	18	11	12	7	8
De 50 a 99 asalariados	5	5	7	5	2
De 100 a 249 asalariados	0	0	0	1	3

Como se ve, a evolución negativa amosa unha suba no 2012 coa creación de 17 sociedades. Por outra banda, o seu tamaño, con respecto dos asalariados, é máis ben pequeno. A maioría destas empresas atópanse radicadas nas comarcas da Coruña e Santiago.

Outro indicador económico que se pode observar é o do comercio exterior. O único produto relacionado co patrimonio está baixo a rúbrica 97 da clasificación de produtos TARIC (Obxectos de arte, de colección ou de antigüidade), con estes resultados.

**Comercio exterior e intracomunitario segundo seccións e capítulos TARIC (97 Obxectos de arte, de colección ou de antigüidade)**

	2008	2009	2010	2011	2012
Exportacións/Expedicións	86,8	95,1	6,5	493,8	277,2
Importacións/Introducións	3.884,5	1.425,4	1.172,9	1.431,8	387,6

Obsérvase un fluxo limitado destes produtos que obedece maiormente a importacións. A evolución indica certa contención, probablemente motivada pola caída xeral do consumo e un lixeiro reponte das exportacións.